



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE OITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZ.

NÚM. 10/2010

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. José María García Rivera.</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D^a Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D^a Ana A. Incera Ares. D. Xaime Cancio Rodríguez. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María Basanta Morán. D^a Verísima Eiroa Couto. D. Xoán Carlos González Basanta. D. Balbino Fernández López. D^a. María Xosefa Alonso Otero.</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><u>SECRETARIA</u> D. M^a Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:40 horas do día vinteito de outubro de 2010, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	---

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 30-09-2010.

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 30 de setembro de 2010 e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria.

O portavoz do PP toma a palabra para facer unha corrección, na páxina 11, no segundo parágrafo do punto 10, onde di "Di que lles parecería interesante que se incluíse a zona dos Limoeiros", suprimirse, porque eso dos Limoeiros xa está realizado.

A continuación o Sr. González Basanta realiza as seguintes correccións:

- Na páxina 3, na última frase, onde di "O portavoz do BNG manifesta que o seu grupo vai votar en contra" engadir "coma ven votando o asunto", de maneira que poña "O portavoz do BNG manifesta que o seu grupo vai votar en contra, coma ven votando o asunto".

- Na páxina 17 onde di "O portavoz do BNG aclara que o Goberno do Estado e o da Xunta terán que gañar os cartos dos anos anteriores, pero tamén eses cartos son innecesarios para gastar no rural. O seu grupo se vai abster" corrixir uns erros de transcripción, de maneira que debe dicir: "O portavoz do BNG aclara que o Goberno do Estado e o da Xunta terán que gastar os cartos dos anos anteriores, pero tamén eses cartos son necesarios para gastar no rural. O seu grupo se vai abster".



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Non habendo mais intervencións, quedan aprobadas por unanimidade dos membros presentes as actas da citada sesión coas correccións sinaladas, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas, segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 28/2010.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 21 de outubro de 2010, sobre a modificación de crédito 28/2010.

O Sr. Alcalde toma a palabra para dicir que como todas as Administracións Públicas fixeron as obras dos temporais, o Concello tivo que contratar empresas para facer as obras que foron necesarias e as facturas están todas conformadas polo técnico que levaba iso; neses casos os Concellos teñen que traballar primeiro, antes que mirar se hai diñeiro. Se non se aproba iso se volverá a outro extraxudicial no seguinte mes de marzo. Explica que se gastou mais do que había porque ocorreu esa desgracia e por iso hai unha modificación, salvo que as Administracións ás que se lles pediu axuda a dean.

O portavoz do PP intervén para manifestar que da forma que o explica parece que é o PP o malo. No informe de intervención se manifesta que hai diñeiro suficiente nas partidas. Pero o que si se podería sería aprobalo gasto sen necesidade de estar con isto agora; hai obras que non se poden aprobar co orzamento que figura aí, porque hai cousas que non están feitas, por exemplo, na carreteira de Ferreira a Vilela, a limpeza do caído non está feito.

O Sr. Alcalde explica que se sacou o mais urgente.

O portavoz do PP anuncia que a postura do seu grupo vai ser que non.

A continuación o Sr. Alcalde da lectura ás facturas que están pendentes de meter que ascenden a un total de 62.300 € e di que se non houbera esas desgracias entraría todo, o que hai na partida e iso está compensado, polo que hai que entender ben o que é a hucha municipal. Dirixíndose ao PP lles di que fagan o que queiran.

O portavoz do BNG sinala que está xustificando o gasto non senso de que son gastos que non se poden prever, pero no anterior solicitouse que os técnicos municipais informasen, xa que son os competentes e se realizase unha valoración mais detallada.

O Sr. Alcalde lle contesta que falou co Arquitecto municipal e dixo que estaba feito ben pola técnica e que non é competencia de el andar nos camiños, así que lle di que colla el un técnico que lle paga el do seu bolsillo.

O portavoz do BNG lle pregunta que o día que falte esa técnico quen vai facer esas funcións.

O Sr. Alcalde contesta que se lle asignarán esas funcións a outro técnico.

O portavoz do BNG di que se non hai informe dun técnico municipal o seu grupo non votará a favor.

O Sr. Alcalde insiste en que si que o hai, pero que quede enriba da mesa, e lle pregunta ao Sr. González Basanta que técnico quere, si lle vale o aparelador.

O portavoz do BNG di que si.

O Sr. Alcalde di que queda enriba da mesa pendente de que o informe a oficina técnica.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 30/2010.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 21 de outubro de 2010, sobre a modificación de crédito 30/2010.

O Sr. Alcalde explica que se modificou o expediente para recoller as peticións da Corporación e que lle parece unha tolada a onde van con todo iso en tempo de crise, xa que despois o Concello terá que pagar intereses e danos. Polo tanto, o que se fixo foi facer un novo replantexamento do expediente, di que é da idea de que quen fai o traballo debe cobralo, sempre e cando estea ben feito. Pide un pouco de sosego e que iso non vaia mais aló. Di que volvería a facelo, o Interventor está para informar e o Alcalde para gobernar. O que non é de recibo é que se lle diga que podía pagar desa partida, con esas cousas non se pode xogar. Lle di ao portavoz do BNG que non se pode andar cos informes municipais nas páxinas web e da lectura ao artigo 227 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia:

“Todos los miembros de las Corporaciones Locales tienen la obligación de guardar reserva en relación con las informaciones que se les faciliten para hacer posible el desarrollo de sus funciones, singularmente de las que servirán de antecedentes para decisiones que todavía se encuentren pendientes de adopción, así como para evitar la reproducción de la documentación que pueda facilitárseles, en original o copia, para su estudio”.

Continúa a súa intervención pedindo protección, xa que iso debe estar reservado para manexalo internamente. Expressa que as empresas deben cobrar e este expediente debe de ser aprobado.

O Sr. Fernández Manín aclara que o PP pediu información de facturas do expediente; o que mais lles chama a atención é que se está con cargo a un remanente que é ficticio, por conseguinte o voto do seu grupo vai ser a abstención para que siga o seu curso a modificación.

O portavoz do BNG explica respecto á referencia do Alcalde, que se tranquilice porque o informe non está en ningunha páxina web; en segundo lugar, non din que non se fixera ningunha obra, senón que se trata de facer as obras ben e conforme á lei. Prosegue dicindo que houbo contactos entre o PP e o PSOE para seleccionar facturas. Pregunta por que aparecen unha facturas si e outras non e por que aparecen facturas reparadas e facturas mal conformadas. Expressa que se ben a xurisprudencia habilita o recoñecemento extraxudicial para non producirse danos a terceiras persoas e non chegar aos xulgados, tamén é certo que o recoñecemento debe ter unhas condicións, así debe ter constatado que as obras e servizos se fixeron correctamente e tamén que os prezos se axustan á realizade; como seguen vendo facturas onde non aparece a sinatura do técnico, ao seu grupo se lle fai moi difícil saber se a obra se fixo ou non, ou que deficiencias ten; polo que o voto do seu grupo vai ser en contra, á vista das deficiencias que existen no expediente e que non se poden aprobar gastos que non estean conformados polo técnicos municipais competentes, porque se podería estar actuando en contra dos intereses do Concello. A responsabilidade última dese lío ben sendo daquelas persoas que teñen o poder de gobernar e non o fan ben.

O Sr. Alcalde lle contesta que non sabe xa que dicir, porque todo o que dixo non é certo. Cando o BNG estaba co PSOE as facturas dese mesmo técnico lle valían e agora non lle valen. O BNG nunca reclamou nada das obras e agora ven a preguntar se aquilo que se puxo é o correcto. Lle aclara que non teña ningunha dúbida. Continúa dicindo que ven a meter medo e que el non lle ten ningún medo, sempre foi valente gobernando, son obras feitas. Respecto a que o PP pediu información, loxicamente coma grupo.

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- Votos a favor: 6 (PSOE).
- Votos en contra: 3 (BNG).
- Abstencións: 4 (PP).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 30 de modificación do Orzamento Xeral prorrogado de 2010 por importe de sesenta e seis mil novecentos dezasete euros e oitenta e dous céntimos (66.917,82 €), que se financia co saldo do remanente de tesourería de libre disposición que provén da liquidación do orzamento do exercicio precedente, de acordo coa seguinte proposta:

SUPLEMENTO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
422.212	Educación. Reparación e conservación de edificios e outras instalacións	12.664,26	6.987,84	19.652,10
432.213	Urbanismo e arquitectura. Reparación de maquinaria, instalacións	102.256,03	9.906,55	112.162,58
442.22711	Recollida de lixo e limpeza viaria. Tratamento de lixo	277.270,44	16.503,70	293.774,14
442.62300	Recollida de lixo e limpeza viaria. Reelectrificación punto limpo	0,00	3.592,44	3.592,44
511.210	Vías públicas. Reparación e conservación	173.488,31	6.774,40	180.262,71
511.60106	Vías públicas. Inversión en estradas e camiños	0,00	23.152,89	23.152,89
Total expediente de modificación de créditos 30/2010				66.917,82

FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
870.00	Remanente de Tesourería para financiar créditos extraordinarios	118.025,00	26.745,33	144.770,33
870.01	Remanente de Tesourería para financiar suplementos de crédito	319.758,85	40.172,49	350.024,79
Total financiamento expediente de modificación de créditos 30/2010				66.917,82

SEGUNDO. -. Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo anuncio do presente acordo e expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Simultaneamente a este envío, remitírase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

4.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 5/2010.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 21 de outubro de 2010, sobre o recoñecemento extraxudicial de crédito 05/2010.

O portavoz do PP aclara que non houbo conversación ningunha, simplemente houbo unha petición de documentación. Respecto a Blanco Cabaleiro, non ten porque non recoñecérselle a factura porque si se fixo, cousa diferente é a rede de pluviais na que si existe un informe do técnico xustificándose a modificación, a factura da rúa Valle Inclán tamén está ben, cos informes, con independencia de que todas poden ter os seus fallos, pero o seu grupo entende que os empresarios non teñen porque cargar con eles, por exemplo hai unha factura parcial ou a de SOGAMA, que entrou en decembro no Concello. Deixa claro que de saír adiante as facturas as deficiencias son imputables ao Equipo de Goberno, que é o responsable.

O Sr. Alcalde aclara que o pago parcial é porque houbo un erro na factura.

O portavoz do BNG manifesta que habería que depurar as responsabilidades, que tamén o di a lei. Dirixíndose ao PP di que non ten porque xustificar o seu voto. Finaliza expresando que non entende por que fallan facturas.

O Sr. Alcalde contéstalle que xa sabe a que factura se refire, a de Cangas, porque o que se fai facer é outro informe técnico para recalcular a valoración e se traerá outra vez, porque non vai quedar ese señor sen cobrar.

O portavoz do BNG engade que xa se sabe de quen é a culpa.

O Sr. Alcalde insiste que volvería a facer o mesmo pola cidadanía, son obras necesarias, non fastos. Di que xa se sentou diante dos xuíces unhas trinta veces e os xuíces son persoas sensíbles e se lle explica o que fas e por que o fas e se é correcto non hai ningún problema.

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (PSOE).
- Votos en contra: 3 (BNG).
- Abstencións: 4 (PP).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos 05/2010 por importe de **83.000,32 euros**, correspondentes a gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

As facturas a legalizar son as que se inclúen na relación de facturas 40 de 2010 incluídas neste expediente que comezan pola factura con número de rexistro 305 de TALLERES HERMANOS RÍO CABALEIRO SL por importe de 1.059,46 euros e rematan pola 1111 de BAHÍA SL. por importe de 61,41 euros, constando de 3 páxinas, e un importe total de 83.000,32 euros.

Segundo.- Aplicar, con cargo ao Orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2010 unha vez aprobado definitivamente o expediente 30/2010 de modificación do mesmo, os



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

créditos aprobados, imputándoos ás partidas correspondentes segundo o sinalado nos propios listados, nas que se realizará a correspondente retención.

5.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 6/2010.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 21 de outubro de 2010, sobre o recoñecemento extraxudicial de crédito 06/2010.

O Sr. Alcalde explica que esa factura vai á partida orzamentaria que hai da nave de Fazouro, non vai a ningún remanente. Se tardou en presentar a a factura corrixida e pasou o ano e cando quixo entrar xa era tarde. Pregunta que hai de malo en corrixir unha factura que non era correcta. Pero o empresario xa vai amais alá e presentou escrito de reclamacións. A continuación lle o escrito presentado no Concello polo empresario. Sinala que se está atempo de corrixir iso. Pregunta cal é o problema e como vai asinar un técnico municipal algo que non viu, se hai un director da escola obradoiro el é o responsable desas facturas e así lle preguntará o xuíz.

Intervén o portavoz do PP para dicir que o informe do Interventor di claro que se debe atender ao pago da factura porque a empresa fixo o traballo, pero ao seu grupo lle gustaría facer unhas aclaracións, a factura entrou o 1 de outubro de 2008 pero non ten rexistro de entrada.

O Sr. Alcalde aclara que ten o selo de correos.

Prosegue o portavoz do PP dicindo que o director da escola obradoiro está contratado, pero el non é quen para decidir facer un traballo, debe ser alguén do Concello; dende o 2008 xa se puido pagar a factura. O PP entende que hai unha responsabilidade e pide que conste en acta que, de saír adiante as facturas, as deficiencias son imputables ao Equipo de Goberno, que é o responsable.

O portavoz do BNG sinala que é o mesmo caso, o que pasa que o empresario iniciou o procedemento que lle da a lei, e dáse a circunstancia de que si que tiña partida e non se lle pagou dende outubro de 2008. Di que é difícil de entender que haxa unha factura dende 2008 e se estea discutindo do seu pago. Lle pide ao Equipo de Goberno que empece a facer as cousas ben; non entenden por que non hai a sinatura dun técnico municipal.

O Sr. Alcalde insiste en que ese técnico é municipal.

O portavoz do BNG replica que está contratado para outras cousas.

O Sr. Alcalde pregunta que técnico lle vai facer un informe do que está facendo outro técnico. O técnico da escola obradoiro é o competente para asinar iso e se hai problemas o que ten as responsabilidades.

Continúa o SR. González Basanta dicindo que seguen estando en desacordo con esa visión e que van manter a súa postura de que non teñen a seguridade de que estea feito, polo que teñen que votar en contra.

Aclara o Sr. Alcalde que a obra esa se fixo correctamente e hai un técnico responsable que o asina e de non aprobar esa factura o Concello terá que pagar unha cantidade de diñeiro a maiores.

O BNG pide que á súa vez se depuren as responsabilidades que haxa.

O Sr. Alcalde pide que se depuren as responsabilidades dos votos en contra das facturas.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (PSOE).
- Votos en contra: 3 (BNG).
- Abstencións: 4 (PP).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos 06/2010 por importe de **13.265,41 euros**, correspondentes a gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

As facturas a legalizar son as que se inclúen na relación de facturas 41 de 2010 incluídas neste expediente que consta dunha única factura, con número de rexistro 344 correspondente a EXCAVACIONES CLEMENTE SLL, por un importe de 13.265,41 euros.

Segundo.- Aplicar, con cargo ao Orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2010 os créditos aprobados, imputándoos ás partidas correspondentes segundo o sinalado nos propios listados, nas que se realizará a correspondente retención.

6.- MOCIÓN DO PSOE E BNG SOBRE O NOITEBÚS.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 21 de outubro de 2010, sobre a moción do PSOE e BNG sobre o noitebús.

Toma a palabra o portavoz do PP para dicir que o seu grupo vai votar en contra porque non se suprime o servizo, en primeiro lugar, e, en segundo lugar, porque se hai dúas persoas non se pode manter o servizo, ademais este servizo non debe estar só a cargo da Xunta.

Contéstalle o Sr. Alcalde que os mozos deben ir no autobús, é un servizo para a sociedade.

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 PSOE e 3 BNG).
- Votos en contra: 4 (PP).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a que asegure a financiación para o mantemento do servizo de transporte nocturno a lugares de lecer, coñecido como Noitebús, sen aplicar ningunha redución das rutas existentes e mellorando a súa dotación e funcionamento no conxunto do territorio galego.

7.- MOCIÓN DO PSOE SOBRE O ENSINO PÚBLICO.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 21 de outubro de 2010, sobre a moción do PSOE sobre o ensino público.

O Sr. Alcalde cédelle a palabra a Sra. Incera que explica que o que piden é que se manteñan os servizos que tiñan, que non haxa eses recortes nos centros públicos e Foz é un caso peculiar porque ten moitos centros en relación á poboación e porque tamén é un referente



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

na Comarca. Continúa dicindo que hai unha serie de servizos coma o catering, que da servizo a corenta nenos sobre 100 e non queren que haxa diferenzas entre uns e outros porque por exemplo está o caso do Fondo Nois, no que se pode acceder a becas porque é xestionado pola Xunta, en cambio o número 1 non ten esas subvencións porque é xestionado pola AMPA. Finaliza a súa intervención dicindo que non poden permitir que se carguen o ensino público.

O Sr. Fernández Manín di que lle gustaría que lle dixeran que modificacións houbo con respecto ao ano anterior e con respecto á señora contratada polo Concello, a ver se agora que goberna o PP o Concello quere que o pague a Xunta. A postura do seu grupo vai ser rotundamente non.

A Sra. Incera aclara que coa moción non só se está defendendo aos da Provincia, senón aos de toda Galicia. Os comedores teñen unha subvención mínima para que os pais que traballan deixen alí aos nenos. As diferenzas son: hai que comprara os libros, houbo moita xente que este ano tivo que comprar un libro de matemáticas en castelán, coma consecuencia desas modificacións. Di que cambios houbo moitos e, sobre todo, de actitude cos colexios públicos, porque resulta que os públicos non cumpren os requisitos, a Consellería non da un peso e o di ela coma Concalleira, que pasa o día asinando facturas de mantemento. Para aforrar lles da un par de ideas, que tomen medidas coma noutros países.

O portavoz do PP exclama que casualidade que el tamén ten un neto estudando e Foz e lle deron un recibo para comprar o libro de matemáticas en castelán.

O portavoz do BNG di que efectivamente a política lingüística educativa do PP non está sendo moi boa, sen entrar en moitos datos, por exemplo o da semipresencial, claro que supuxo cambios, e coa ensinanza de adultos, que houbo moitas prazas que se quitaron. Non sabe por que cambiaron os libros de texto, se tiran moitos cartos e antes valían dun curso para outro.

O Sr. Alcalde dille aos membros do PP que non se deben pregar, con independencia do partido que estea na Xunta, coma xa fixo en algunha ocasión.

Replicálle o portavoz do PP que sería de noite.

O Sr. Alcalde explica que a moción non debe ir cun non, porque cando vexan iso na Xunta pensarán que teñen alí ao seu grupo, eles saberán.

O Sr. Fernández Manín contéstalle que sabe que o PP de Foz todo o que sexa para Foz o defende, pero que casualidade que o ano anterior non debería de chover nin de facer frío porque o pavillón estaba sen cubrir.

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 PSOE e 3 BNG).
- Votos en contra: 4 (PP).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Garantir a calidade dos servizos educativos complementarios nos centros educativos do Concello de Foz, dotando do suficientes recursos humanos e materiais aos mesmos.

Segundo.- Garantir a suficiente dotación de profesorado nos centros educativos públicos do Concello de Foz, tendo en conta os criterios educativos de calidade e non os argumentos estritamente economicistas.

Terceiro.- Mantemento de todos os servizos de comedor escolar público atendidos con persoal laboral propio da Xunta de Galicia en todos os centros educativos públicos da Provincia de Lugo que dispoñan do mesmo.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

8.- MOCIÓN DO PP SOBRE A ESTRADA LU-2007.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 21 de outubro de 2010, sobre a moción do PP sobre a estrada LU-2007.

O Sr. Alcalde anuncia que o seu grupo está de acordo e é da Deputación.

O portavoz do BNG anuncia que o seu grupo vai votar a favor.

O Sr. Alcalde di que ao día seguinte irá o presidente da Deputación a Vilaronte, ás 11, para dar inicio ás obras.

O portavoz do PP di que ao final as farán para as eleccións. Esperan que se rematen este ano.

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro.- Solicitar á Excm. Deputación a reparación de inmediato dos derribos de terra.

Segundo.- Instar á Excm. Deputación a que arranxe o afundimento do firme, e asfalte a totalidade da mesma e limpe os arcéns da mesma.

Terceiro.- Solicitar e colocar sinais de velocidade máxima 50 km/h nos núcleos poboados así coma sinais de animais soltos por ser no rural.

9.- MOCIÓN DO PP SOBRE OS ACCESOS Á N-642 NO TRAMO VILAXOANE-MARZÁN.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 21 de outubro de 2010, sobre a moción do PP sobre os accesos á N-642 no tramo Vilaxoane- Marzán.

Non habendo intervencións se somete o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Solicitar do Servizo de Estradas dependente do Ministerio de Fomento en Lugo que arranxe os accesos de servizos paralelos á N-642, que van dende a estrada LU-2001 (Vilaxoane-San Martiño) ata a subida ao Bispo Santo (fonte de Marzán- Bispo Santo) coa máxima urxencia, dada a cantidade de circulación que teñen e o servizo que prestan.

10.- MOCIÓN DO BNG PARA EXIXIR O MANTEMENTO DO NOITEBÚS.

Se retira da orde do día por tratarse dun erro a súa inclusión, xa que esta moción refundiuse coa do PSOE no punto 6 da orde do día.

11.- MOCIÓN DO BNG SOBRE ACONDICIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL DE FOZ.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 21 de outubro de 2010, sobre a moción do BNG sobre acondicionamento da escola infantil de Foz.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dicirlle ao Sr. González Basanta que hai que suprimir a parte da moción que insta ao Concello, iso se trata dun rogo.

O portavoz do BNG propón que entón se recolla “en colaboración co Concello”.

Estando todos de acordo coa modificación, se procede á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galiza para que, en colaboración co Concello, acondicione o piso superior da escola infantil de Foz, situada no antigo Hotel Bahía e dotalo dos medios necesarios para o seu uso como aula.

Segundo.- Instar á Xunta de Galiza para que, en colaboración co Concello, realice o peche da terraza e o seu acondicionamento para a súa utilización como aula do centro onde os nenos e nenas poidan estar aínda con mal tempo e de forma segura.

Terceiro.- Remitir copia do acordo á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galiza e ao Consorcio.

12. COMPATIBILIDADE D. ISMAEL PORTO BARCIELA.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 21 de outubro de 2010, sobre a compatibilidade de D. Ismael Porto Barciela.

O portavoz do BNG di que se van a abster porque falla o informe de secretaría, aínda que entende que se non está é porque todo está correcto.

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 PSOE e 4 PP).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 3 (BNG).

Primeiro.- Recoñecer a D. Ismael Porto Barciela a compatibilidade do exercicio da actividade de Profesor de Vento Madeira na Escola de Música de Foz, cunha xornada laboral de 8 horas á semana, co exercicio do posto de traballo de Profesor de Saxofón na Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo, cunha xornada laboral de 25 horas á semana.

Segundo.- Inscribir o presente Acordo no correspondente Rexistro de Persoal da Corporación.

Terceiro.. Notificar o presente Acordo ao interesado, recoñecendo a compatibilidade solicitada, igualmente se comunicará ao Centro no que desenvolve a outra actividade.

13. COMPATIBILIDADE D. IGNACIO PEDROSA PIRIS.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 21 de outubro de 2010, sobre a compatibilidade de D. Ignacio Pedrosa Piris.

O portavoz do BNG di que se van a abster porque falla o informe de secretaría, aínda que entende que se non está é porque todo está correcto.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 PSOE e 4 PP).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 3 (BNG).

Primeiro.- Recoñecer a D. Ignacio Pedrosa Piris a compatibilidade do exercicio da actividade de profesor de Percusión na Escola de Música de Foz, cunha xornada laboral de 6 horas á semana, co exercicio do posto de traballo de Profesor de Percusión e Linguaxe Musical no Concello de Corvera (Asturias), cunha xornada laboral de 15 horas á semana.

Segundo.- Inscribir o presente Acordo no correspondente Rexistro de Persoal da Corporación.

Terceiro.- Notificar o presente Acordo ao interesado, recoñecendo a compatibilidade solicitada, igualmente se comunicará ao Centro no que desenvolve a outra actividade.

14.- DACIÓN DE CONTAS DO ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS.

Dáse conta do estado de execución dos orzamentos, quedando enterados os Sres. Concelleiros.

15.- DACIÓN DE CONTAS DO INFORME DE AVALIACIÓN DO PLAN DE SANEAMENTO APROBADO DE ACORDO CO REAL DECRETO LEI 5/2009, DE 24 DE ABRIL.

Dáse conta do informe de avaliación do plan de saneamento aprobado de acordo co Real Decreto Lei 5/2009, de 24 de abril, quedando enterados os Sres. Concelleiros.

16.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

A.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 18 DE SETEMBRO AO 25 DE OUTUBRO DE 2010.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o día 18 de setembro de 2010 ao 25 de outubro e que foron postas de manifesto á Secretaría, quedando enterados os señores asistentes.

B.- MOCIÓNS.

Polo PSOE se presenta a seguinte moción de urxencia:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Corporación Municipal do Concello de Foz está preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso Concello como da Área de Saúde á que pertencemos.

Nos últimos anos estamos observando e sufrindo unha deterioración dos servizos públicos que se concretan no caso da sanidade nun incremento das listas de espera, incluso en atención primaria, nun incremento da derivación a centros privados concertados, no peche dos hospitais pola tarde, na paralización do Plan de Mellora da Atención Primaria e últimamente na ameaza de privatización e financiamento público privado das novas infraestruturas sanitarias. Todo isto acompañado e en parte motivado pola redución de gasto sanitario público e a redución de recursos correspondente.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Creemos que estamos ante un momento importante para a nosa vila, na que a Corporación Municipal, como representantes do conxunto da cidadanía, e indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deben estar á altura do que os veciños demandan e traballar conxuntamente para que en Foz se poida dispor e acceder a servizos da sanidade públicos de calidade.

Non se pode nin se debe admitir estes intolerables niveis de saturación e de falta de medios e de recursos sanitarios. Os municipios da Área de Saúde de necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Por todo o anteriormente exposto, propono ao Pleno desta Corporación á adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.-Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais de contratación de persoal, cubrindo en todo momento o 100% das ausencias por enfermidade, permisos, vacacións, que eviten a actual mingua da calidade asistencial.

Segundo.-Esixir que se dote, de forma inmediata, dos recursos necesarios para evitar listas de espera nos centros de saúde do Concello.

Terceiro.-Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

Cuarto.-Manter o Plan de Mellora de Atención Primaria, garantindo a adecuación dos tempos de consulta médica, a extensión dos coidados e plans de coidados de enfermería e dos servizos administrativos de atención ao usuario.

Quinto.-Reducción drástica das listas de espera e tempos de demora da consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos.

Sexto.-Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

Sétimo.-Manter os compromisos económicos establecidos coa nosa Área Sanitaria, para desenvolver o Plan Director de Infraestruturas Sanitarias 2008-2013 e o Plan de Investimentos en Alta Tecnoloxía Médica.

Oitavo.-Financiar a construción e equipamento de infraestruturas sanitarias mediante financiamento público 100% a través do capítulo IV de Orzamentos do Servizo Galego de Saúde ou, na súa falta, mediante a empresa pública de investimentos Sociedade Pública de Investimentos de Galicia (SPI).

Noveno.-Apoiar cos medios disponibles as actuacións das organizacións de defensa da sanidade pública galega e local.

Décimo.-Comunicar a presente Moción da Corporación Municipal de Foz á Consellería de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello, a máxima difusión ao seu contido”.

Se procede á votación da urxencia, resultando aprobada por unanimidade.

O portavoz do PP manifesta que se alegra moito que o PSOE traia esas mocións, porque sempre di que as trae o PP, de todas formas o seu grupo se vai a abster.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Non habendo mais intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 PSOE e 3 NBG).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 4 (PP).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais de contratación de persoal, cubrindo en todo momento o 100% das ausencias por enfermidade, permisos, vacacións, que eviten a actual mingua da calidade asistencial.

Segundo.- Esixir que se dote, de forma inmediata, dos recursos necesarios para evitar listas de espera nos centros de saúde do Concello.

Terceiro.- Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

Cuarto.- Manter o Plan de Mellora de Atención Primaria, garantindo a adecuación dos tempos de consulta médica, a extensión dos coidados e plans de coidados de enfermería e dos servizos administrativos de atención ao usuario.

Quinto.- Redución drástica das listas de espera e tempos de demora da consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos.

Sexto.- Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

Sétimo.- Manter os compromisos económicos establecidos coa nosa Área Sanitaria, para desenvolver o Plan Director de Infraestruturas Sanitarias 2008-2013 e o Plan de Investimentos en Alta Tecnoloxía Médica.

Oitavo.- Financiar a construción e equipamento de infraestruturas sanitarias mediante financiamento público 100% a través do capítulo IV de Orzamentos do Servizo Galego de Saúde ou, na súa falta, mediante a empresa pública de investimentos Sociedade Pública de Investimentos de Galicia (SPI).

Noveno.- Apoiar cos medios disponibles as actuacións das organizacións de defensa da sanidade pública galega e local.

Décimo.- Comunicar a presente Moción da Corporación Municipal de Foz á Consellería de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello, a máxima difusión ao seu contido

Todos os grupos políticos presentan a seguinte moción de urxencia, suscribindo o escrito presentado por D. José Luis Fernández Ansedes, presidente da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago "Abrindo Camino", con data 28 de outubro de 2010.

"MOCIÓN DE URXENCIA DE TÓDOLOS GRUPOS MUNICIPAIS DE APOIO Á CANDIDATURA "CAMIÑO NORTE":

Visto o escrito presentado por D. José Luis Fernández Ansedes, presidente da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago "Abrindo Camino", con data 28 de outubro de 2010, solicitando o apoio da Corporación para presentar candidatura ao "Premio Elías Valiño ao esforzo revitalizador e promocional dos Camiños de Santiago ano 2010", se propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Apoiar a candidatura do “Camiño Norte” ao “Premio Elías Valiño ao esforzo revitalizador e promocional dos Camiños de Santiago ano 2010”.

Non habendo intervencións, se somete o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Apoiar a candidatura do “Camiño Norte” ao “Premio Elías Valiño ao esforzo revitalizador e promocional dos Camiños de Santiago ano 2010”.

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

O PP realiza os seguintes rogos:

1) A ver se hai forma de arraxala fonte de pelo.

O Sr. Alcalde contéstalle que non rogue nada, xa que esa estrada vaise facer toda, incluída a fonte, porque a Dirección Xeral de Costas, a proposta deste Alcalde, aceptou arranxar aquilo.

2) Que se solicite da Federación Española de Fútbol que inclúa a Foz coma Concello de exposición da copa do mundial.

O Sr. Alcalde lle pide que teña un respecto polo traballo do Concello polo deporte, porque non se poden denegar tras subvencións nesta materia porque non se entre no epígrafe e outros co mesmo si. Pide que non se neguen subvencións por criterios políticos. A Deputación vai atender eses gastos, pero o Concello vai ir ata a última instancia.

O portavoz do PP contéstalle que sabe coma se deron as subvencións da Deputación.

O Sr. Alcalde explica que o Concello non podía facer esa obra, pero vai a haber un proxecto da Deputación para rematar esa obra.

O BNG realiza os seguintes rogos:

1) Que se coide o mantemento do paseo marítimo de A Rapadoira a Llás.

O Sr. Alcalde di que Foz ten uns paseos marítimos impecables, o di a xente de fóra.

2) Que se controle o alumeadado público, coma xa se dixo outras veces, porque segue habendo desregulacións moi grandes, por exemplo, na Avenida de Sarria hai unha diferenza de dúas horas.

3) No sumidoiro de Vilaxoane se move a tapa.

O Sr. Alcalde di que ao día seguinte se porán alí unhas gomas.

PREGUNTAS:

O PP realiza as seguintes preguntas:

1) ¿Na asociación que asina o convenio forestal están incluídos tódolos maderistas?

O Sr. Alcalde responde que si.

O Sr. Fernández Manín pregunta por que se asina un convenio cando hai unha ordenanza que di o mesmo.

2) ¿A cargo de quen se van a facer as entradas á Basílica?



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde contéstalle que iso xa se lles explicou aos veciños.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 40 minutos do día vinteoito de outubro de 2010, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº
O Alcalde,

Asdo.: José María García Rivera.

